



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no Foro Nueva Economía

Santiago de Compostela, 13-XII-2013

Presidente da Xunta de Galicia

Delegado do Goberno en Galicia

Conselleiros

Valedor do Pobo

Alcalde de Santiago de Compostela,

Presidente da Fegamp

Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Membros da Mesa do Parlamento de Galicia

Portavoces, Deputados,

Autoridades

Señores e señoras:

Agradezo a cortesía de Nova Economía por invitarme unha vez máis a este interesante foro, espazo de debate e análise de suma valía para todos nós. Anímoos a seguir nesta senda.



A miña gratitude tamén para o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, pola súa cálida e amable presentación, que foi un perfecto pórtico para a miña intervención. Grazas por unhas palabras sempre de amizade e de confianza.

E agradezo, por suposto, a presenza de todos vostedes neste acto.

O **espírito do parlamentarismo democrático** alimenta a calidade dun sistema político baseado no pluralismo e na participación. Ese espírito é o que debe movernos no Parlamento de Galicia, único órgano capaz de ser o verdadeiro espazo de debate lexítimo entre os representantes libremente elixidos en exercicio do dereito fundamental ao sufraxio, verdadeiro pábulo que fornece as bases ideolóxicas da forma de goberno.

Polo tanto, é un honor e un orgullo ser a presidenta deste Parlamento de todos os galegos e as galegas, cargo que tiveron a honra de exercer durante a pasada lexislatura, a VIII, e para o que volvían ser elixida no actual mandato, a IX Lexislatura, que comezou, como saben, hai algo máis dun ano.



É un honor porque miramos cara a atrás e atopamos 32 anos de existencia do Parlamento de Galicia, 32 anos de intensa vida democrática e institucional: oito lexislaturas de evolución do autogoberno galego e de afianzamento competencial da Comunidade Autónoma, nas que acadamos un alto rendemento institucional.

Son máis de tres décadas de experiencia parlamentaria durante as cales Galicia se foi dotando do seu propio ordenamento xurídico, nas que avanzou e mellorou a calidade de vida das persoas e durante as que tentamos responder con acerto aos retos de cada momento.

O **Parlamento de Galicia** é un órgano de rango estatutario, previsto no título I do Estatuto de Autonomía da nosa comunidade. Nel poden lerse algúns dos elementos nucleares dunha democracia, como a esixencia de que os deputados e deputadas sexan elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, a través dun sistema que teña en conta as diversas zonas do territorio. Ademais, atopamos un conxunto de previsións que completan tales elementos nucleares: por exemplo, a prohibición do mandato imperativo, a existencia de causas de inelixibilidade e de incompatibilidade, ou o exercicio das funcións lexislativas e de control ao Executivo. Configúrase así o noso Parlamento como un dos poderes da comunidade autónoma, construído de tal xeito que



é capaz de ser o vehículo principal para o autogoberno de Galicia e para a defensa da súa identidade e dos seus intereses, en relevante conexión coa Xunta e co seu presidente. A actividade deste Parlamento deu sentido político ao entramado de poderes establecido. A verdadeira densidade do feito autonómico galego é resultado do traballo da Cámara.

Pero alén destas previsións xurídicas –non obstante, de notable importancia– podemos seguir afirmando na actualidade que a institución parlamentaria é quen de ofrecer ás persoas unha **adecuada resposta** ás súas necesidades de representación no século XXI.

Para tal fin, levamos anos elaborando estratexias que sirvan de **achegamento á cidadanía**. Isto non é un simple compromiso desta presidencia, senón un convencemento moral como responsable pública. A comunicación coas persoas debe ser fluída e permanente, intensa e continua, áxil e dinámica. Deste xeito poderemos coñecer as súas inquedanzas e articular un mecanismo de retroalimentación. E só desta forma o proceso de toma de decisións públicas será acorde cos intereses desa cidadanía que representamos. Por iso insistimos na mellora continua e na potenciación das opcións dixitais de acceso á Cámara, nas xornadas de portas abertas cada día, nas continuas visitas –máis



de 15.000 no último ano– que recibimos no Pazo do Parlamento ou nos moitos actos en que participamos para chegar á sociedade civil.

Tamén para satisfacer o que a cidadanía espera do seu Parlamento integramos no noso acervo o **deber de transparencia**, adiantándonos nalgúns aspectos á recentemente publicada Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Porque os responsables políticos debemos render contas do noso labor e eliminar calquera indicio de opacidade. As formas de incrementar a transparencia son diversas, aínda que hoxe resultan especialmente aptas as tecnoloxías, que, coa súa capacidade de inmediatez e de tratamento masivo de datos, poñen á disposición da opinión pública un cúmulo de informacións e documentos antes inimaxinable. O Parlamento usa as tecnoloxías dixitais para impulsar o seu carácter de órgano de deliberación e de publicidade, de xeito que a opinión pública coñeza con todo o detalle que requira o que na cámara acontece.

O Parlamento de Galicia, por exemplo, foi pioneiro en ofrecer, a través da súa web, un espazo de participación cidadá no proceso legislativo, de maneira que calquera persoa pode enviar unha achega ou suxestión a algunha das iniciativas legislativas que se atopan en trámite.



Esta proximidade á cidadanía e estas altas esixencias de transparencia que estamos a comentar permitirán subliñar os principios de pluralismo e participación. Tal proceso conseguirá aumentar a nosa **lexitimidade**, pero non por razóns meramente formais senón tamén por razóns de fondo, polo modo de desenvolver a nosa actividade e de cumprir as funcións que temos asignadas. Este tamén é un dos nosos eixes de acción: o continuo esforzo de autolexitimación.

Para ter éxito neste cometido é imprescindible tamén un axeitado funcionamento da **cortesía parlamentaria**. Nalgunha ocasión a Cámara galega foi escenario de momentos convulsos que ningún favor lle fixeron á institución nin ao parlamentarismo no seu conxunto. Pero estou convencida, con todo, de que feitos puntuais non escurecerán o labor de conxunto dunha lexislatura que estará marcada, con toda seguridade, por un traballo intenso e produtivo.

E os inicios foron así no seo da Cámara. Tanto en Pleno coma en Comisión se teñen debatido polo miúdo cada un dos problemas da sociedade galega. E ninguén pode negalo.

O Parlamento de Galicia foi xa na VIII Lexislatura a Cámara lexislativa autonómica máis laboriosa, como quedou acreditado,



entre outros datos, coas preto de 1.200 horas de debate plenario acumuladas nese período.

E as estatísticas apuntan xa a que nesta IX lexislatura seguimos liderando ese traballo con máis de 300 horas de debate entre novembro de 2012 e novembro de 2013.

Pero eses datos non son só cifras horarias, senón que a súa tradución é traballo; traballo que se concreta, ata o día de hoxe, en **27** sesións do **Pleno** da Cámara, que permitiron aprobar un total de **10 leis** (que agardamos que serán 14 despois do Pleno da próxima semana; delas, dúas leis de orzamentos nun mesmo ano como consecuencia das eleccións), tramitar **177** proposicións de lei en Pleno, **51** interpelacións, **47** mocións, **30** comparecencias do goberno, **48** preguntas ao presidente da Xunta ou **134** preguntas ao resto do Goberno.

Asemade, o Parlamento traballa tamén en **8** comisións permanentes lexislativas; **6** comisións permanentes non lexislativas; ás que engadimos neste momento **5** comisións de estudo non permanentes sobre diversos temas de grande interese, e **1** comisión de investigación. Comisións que, en total, neste último ano, celebraron preto de 300 reunións e nas que se substanciaron



428 proposicións non de lei, 24 comparecencias e máis de 450 preguntas orais.

En definitiva, sumando todos os procedementos, no que levamos de lexislatura, os deputados e deputadas da Cámara levan presentadas arredor de 9.000 iniciativas parlamentarias, das que foron tramitadas máis de 4.000 (arredor do 45%).

Este elevado volume precisa de moitas horas de traballo, dentro pero tamén fóra do Parlamento. O debate, en Pleno ou en Comisión, é o momento máis poroso para a opinión pública, pero detrás del agóchanse horas de elaboración de documentos, de visitas, de reunións con colectivos... Esa é a parte menos visible do traballo parlamentario, pero de suma transcendencia, como medio para o cumprimento das funcións que nos foron encomendadas, e que hoxe tamén quero reivindicar aquí.

Estou segura de que todos vostedes son conscientes de que as cifras que acabo de enumerar non son só datos cuantitativos, meros datos asépticos e impersoais, mais polo contrario eses datos reflicten propostas e solucións concretas para os problemas da xente.

Falamos de moitas iniciativas, de moito traballo, pero tamén de máis acordos dos que en ocasións perciben os cidadáns. Neste



sentido, quero mencionar, por referirme tan só ao último Pleno da Cámara, a modo de exemplo, o consenso acadado para aprobar iniciativas relacionadas co sector naval, o mantemento de axudas concedidas ao abeiro dos plans nacionais de vivenda; ou sobre a actividade e o emprego na planta de Freiremar Vigo. Se en calquera momento son necesarios os acordos e o consenso, no contexto actual resultan imprescindibles: porque os cidadáns así o reclaman e porque canto máis sumemos máis doado resultará saír da crise en que nos atopamos.

A toda esta tarefa tan só quixera engadir que o Parlamento suma a organización doutras moitas actividades institucionais, como cursos, seminarios, foros, xornadas ou exposicións, e mesmo programas dirixidos a colectivos específicos (nenos e mozos), actividades que contribúen a revitalizar o día a día do Pazo do Hórreo.

E todo isto nun contexto de control do gasto que nos permitiu aforrar preto de 7 millóns de euros na pasada lexislatura, malia que o orzamento do Parlamento se reduciu 2,1 millóns de euros entre 2009 e 2012. Adiántolles que o orzamento da Cámara para 2014 descenderá un 3,5% respecto ao deste ano, priorizando –coma sempre– as necesidades do traballo parlamentario e buscando a eficiencia e a optimización dos recursos.



Señoras, señores:

É o noso desexo que o Parlamento se configure como un **poderoso referente** para satisfacer os desexos de participación das persoas e un útil mecanismo para atopar solucións ante os retos pendentes. Apostar pola institución parlamentaria é apostar pola calidade democrática, polo camiño da excelencia no noso sistema político representativo.

Como afirmei na sesión de apertura desta IX lexislatura, reclamo e persigo un parlamento “*austero, eficiente, sostible, permeable á cidadanía, revitalizador da política como actividade de defensa do interese xeral, dinámico, participativo, aberto ás novas realidades, plural, transparente, comprometido e situado na modernidade, en España e en Europa*”. Temos que traballar para avanzar en melloras, claro que si, investigar nese sentido e apostar por iniciativas renovadoras. Mellores parlamentos farán a democracia máis forte. Nas cámaras ten que existir un esforzo continuo de actualización. A institución parlamentaria debe ser protagonista da súa propia modernización ao amparo do seu fortalecemento institucional.

Debemos **revalorizar a actividade política**, encadrada no interese xeral, e actuar de forma ímproba para ser exemplo que



permita restablecer a confianza pública. A honestidade é unha aposta segura para incrementar a responsabilidade social. Non debemos esquecer que a política é necesaria para agregar vontades e ofrecer solucións ás demandas de interese xeral. Pero só a política de calidade, seria e rigorosa, permitirá o avance nas prestacións sociais. E deste xeito temos que amosar un Parlamento comprometido coa realidade que nos rodea, poroso ás necesidades da cidadanía. Os seus problemas son os nosos, e as súas inquiredanzas unha obriga de atención para a cámara lexislativa. Estamos nun mundo complexo, en permanente evolución e con certo desasosego. A nosa resposta ten que ser o citado compromiso, o traballo arreo e o esforzo continuo.

Os representantes políticos amósanse como un elemento básico na arquitectura pública. A política é unha garantía fronte a fragmentacións disfuncionais, individualismos egoístas ou corporativismos insolidarios. Pero ao mesmo tempo hai que reclamar esixentes estándares de calidade democrática para a dita actividade política. En todo caso, debemos actuar de xeito coherente e razoable, coa maior formación e información posibles. Así responderemos con eficacia aos procesos e ás realidades que nos afectan e que provocan contextos en continuo cambio. Necesitamos, polo tanto, estratexias de afianzamento institucional imbuídas por unha cultura organizativa de mellora continua que aposte pola innovación. Só así seremos unha institución de utilidade



para resolver as necesidades do noso tempo. E só así reverteremos o proceso de desafección que afasta a cidadanía.

Permítanme unha última reflexión antes de concluír.

A finais de outubro pasado, na XVI Asemblea Plenaria Anual da Conferencia de Asembleas Legislativas Rexionais de Europa (CALRE), o Parlamento de Galicia resultou elixido, por unanimidade, para presidir, durante 2014, esta organización que reúne no seu seo os 74 parlamentos rexionais de Europa, de oito países.

Trátase dunha responsabilidade que honra a Cámara autonómica e, sobre todo, honra a Galicia, na medida en que recoñece, pola vía dos feitos, a credibilidade e o respecto acadados pola nosa Comunidade no exterior, ao tempo que pon en valor a plena vixencia do parlamentarismo democrático, como a fórmula máis acaída para canalizar a participación e a representación democrática dos cidadáns. E desde Galicia, terra que coma poucas simboliza e inspira o espírito europeo, agardamos ser capaces de aproveitar esta oportunidade nunha dobre dirección:

- Reforzar a proxección exterior de Galicia, de Santiago de Compostela e das súas institucións.



- Contribuír, desde a periferia, a reforzar o valor do parlamentarismo e axudar a dotalo de novas ferramentas coas que afrontar os retos do século XXI. Para tal fin, o Parlamento de Galicia xa liderou un relevante estudo, no seo da CALRE, sobre modelos institucionais e democracia rexional.

Espero que esta nova responsabilidade en Europa sirva para impulsar a imaxe do noso Parlamento.

Vou rematando.

Galicia necesita un Parlamento forte que sirva como canle lexítima de representación da cidadanía, como verdadeiro instrumento de imputación de lexitimidades, como referente cualificado na construción das políticas públicas. Debemos afrontar, entre todos, os desafíos, ofrecer solucións aos problemas reais e estar ao servizo da persoas. Temos un compromiso con todas elas que non desatenderemos porque así é a nosa firme convicción e así se configura a nosa obriga como responsables políticos.

Tales son e serán as miñas preocupacións constantes na dirección da nosa cámara lexislativa, aberta a todos vostedes e a todas as galegas e galegos.



Moitas grazas.